

XVI XORNADAS DAS MULLERES

A COEDUCACIÓN, ALICERCE DO ENSINO

SÁBADO 23 DE
FEBREIRO DE 2019

IES AS FONTIÑAS
RÚA ESTOCOLMO, 5. SANTIAGO

ORGANIZA:



XVI XORNADAS DAS MULLERES

9:45_10:00 h.

Recepción e entrega de material.

10:00_11:00 h.

Presentación do libro *Coeducación.*

O alicerce do ensino

(Editado pola AS-PG e a CIG-Ensino)

María Rodríguez Martínez, responsable da Muller da CIG-Ensino.

Unha serie de propostas teóricas e prácticas para traballar a igualdade nas aulas.

11:00_12:00 h.

Feminicidio: unha nova orde patriarcal

Carme Adán, doutora en filosofía e profesora no IES Politécnico de Vigo.

Presentación e coloquio do libro, que é un percorrido pola epistemoloxía feminista para axudarnos a entender a violencia contra as mulleres polo feito de ser mulleres.

12:00_13:00 h.

A lectura crítica como alicerce para unha educación feminista

Montse Pena Presas, profesora da USC, especialista e estudosa da literatura infantil e xuvenil.

Neste faladoiro preténdese reflexionar como, a partir da lectura compartida e reflexiva dos textos literarios, é posible traballar a coeducación co alumnado en diferentes materias e niveis educativos. Para iso expóñanse posibles estratexias, recursos e prácticas educativas que, partindo da literatura infantil e xuvenil, contribúan a xerar unha maior conciencia feminista e crítica no estudantado.

13:00_14:00 h.

Presentación-coloquio do libro *Chámame señora pero trátame coma a un señor*

Inma López Silva, escritora.

Non sei por que adoita creerse que o espazo literario está libre de todos os vicios machistas que funcionan no resto da sociedade, coma se, por ser máis culto e etéreo, fose mellor ca o andamio dunha obra. Pois non é certo. Hai machismo no mundo da literatura, e decidín contalo. (Autora)

16:00_17:00 h.

Sexismo nos libros de texto

María Obelleiro, xornalista e graduada en E. P.

Unha ollada sobre o tratamento e a imaxe da muller nos materiais escolares que desenvolven un papel de integración de roles, valores, normas e símbolos. Son considerados un importante instrumento para a socialización e a transmisión de valores. Deste modo, xogan un papel fundamental á hora de transmitir unha imaxe feminina non estereotipada, e de seren motores de cambio cara a unha sociedade sen discriminación de xénero.

17:00_18:00 h

Presentación da experiencia coeducativa “A igualdade sabe a sal”

María Carmen Rivas Corbacho e Raquel Martínez Rivas, profesoras no IES Ricardo Mella.

No instituto existe un “Plan de Igualdade”, que xa forma parte do plan de Convivencia do noso centro. Neste curso escolar seguimos traballando a igualdade cun proxecto que se chama “A igualdade sabe a sal”. O que se pretende con el é resaltar a labor e as contribucións que fixeron as mulleres que traballan, traballaron e traballarán no mundo do mar.

18:00_19:00 h

Presentación de “Planeta igualdade”, unha experiencia de coeducación
Mirían Morán, profesora do CPI Viaño Pequeno.

Proxecto de formación en igualdade do alumnado de 2º ESO da materia de igualdade de xénero. Os piares deste proxecto son a prevención da violencia de xénero, a educación afectivo-sexual e a visibilización ás achegas das mulleres á sociedade. Presentarase a evolución desta experiencia ao longo dos anos, obxectivos, desenvolvemento e metodoloxía empregada, así como os espazos e tempos nos que se leva a cabo.

19:00_20:00 h

Proxección do documental “Tecido resistente”. A revolución silenciosa das mulleres de Présaras.

Directora: Marina Chiavegatto, xornalista.

Proxecto premiado no primeiro concurso de Ideas *Luísa Villalta de Proxectos Culturais* pola Igualdade da Deputación da Coruña.